

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 27 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento PR852A).*

BDNS (Identif.): 684658.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. De acordo co establecido no Decreto 71/1999, do 18 de marzo, as beneficiarias destas axudas serán as empresas xornalísticas que publiquen ou difundan informacións, programas, artigos, reportaxes, colaboracións ou seccións que cumpran co obxecto destas axudas e co resto dos requisitos establecidos nesta resolución.

2. As empresas beneficiarias deben acreditar un cadro medio de traballadores en alta de polo menos cinco traballadores e elaborar e difundir toda ou parte da súa produción informativa de forma específica no territorio da Comunidade Autónoma no ano natural anterior ao da convocatoria.

3. Quedan excluídas da concesión de axudas:

- a) As empresas que emitan a través do sinal de televisión.
- b) As entidades sen personalidade xurídica e/ou sen ánimo de lucro.

Segundo. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer subvencións ás empresas xornalísticas que, estando debidamente inscritas no Rexistro Mercantil ou no que corresponda segundo



a forma empresarial que adopten, realicen a súa actividade informativa orientada a alentar a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura, e efectuar a convocatoria para o ano 2023.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

Terceiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras están establecidas na Resolución do 27 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento PR852A).

Cuarto. *Importe*

A concesión das axudas reguladas nesta resolución financiarase con cargo ás aplicacións 04.20.151A.470.1, polo importe de 790.000,00 euros, e 04.20.461A.470.1, polo importe de 1.186.777,00 euros, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria nos termos do artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2023

Silvia Valdés Díaz de Freijo  
Secretaria xeral de Medios

